

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

3125 *Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminúisen de maneira considerable a sinistralidade laboral.*

No ámbito da seguridade social a cotización por continxencias profesionais calcúlase en relación coa sinistralidade da actividade económica desenvolvida pola empresa, e existe, tal como establece o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, unha diferenciación en función dos riscos existentes entre as actividades. No entanto, dentro de cada actividade existen empresas que contan cunha sinistralidade claramente inferior á do seu sector. Para incentivar todas as empresas a mellorar a prevención de riscos laborais no ano 2010 púxose en marcha, mediante o Real decreto 404/2010, do 31 de marzo, o sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que contribuíron especialmente á diminución e prevención da sinistralidade laboral. Este sistema, que prevén de forma expresa os artigos 97.2 e 146.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, viñérono utilizando desde a súa entrada en vigor empresas das distintas actividades, o que incentivou a prevención dos riscos laborais a nivel empresarial.

Mentres que a utilidade do sistema de incentivos está fóra de toda dúbida, conformándose como un instrumento eficaz para a diminución da sinistralidade, o procedemento necesario para a súa concesión presenta certas limitacións e barreiras que dificultan a súa tramitación ás empresas solicitantes. Por iso, a Lei 35/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, en relación co réxime xurídico das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, na súa disposición adicional cuarta, alínea b), insta o Goberno a abordar unha modificación do Real decreto 404/2010, do 31 de marzo. A mencionada disposición prevé que a modificación deberá ter dous obxectivos claros: axilizar e simplificar o proceso de solicitude, recoñecemento e aboamento do incentivo, e implantar un sistema obxectivo centrado no comportamento da sinistralidade. Ao tempo, esta reforma pretende incentivar nas empresas a adopción de medidas e procesos que contribúan eficazmente á redución das continxencias profesionais da Seguridade Social.

Ao abeiro da Lei 35/2014, do 26 de decembro, este real decreto introduce unha serie de melloras tendentes tanto a conseguir unha xestión do incentivo máis áxil, eficaz e eficiente como a dotar dunha maior seguridade xurídica todo o procedemento, eliminando condicións e/ou requisitos que, en moitos casos, se revelaron como xeradores dunha certa inseguridade xurídica nos solicitantes do incentivo. Por iso, en cumprimento do mandato contido na citada disposición adicional cuarta, regúlase neste real decreto un sistema de recoñecemento dos incentivos claramente obxectivo e centrado fundamentalmente no comportamento da sinistralidade da empresa en comparación coa do sector a que pertence.

Entre as novidades introducidas prevese a redución de carga administrativa, e o acceso ao incentivo céntrase principalmente no cumprimento dos límites dos índices de sinistralidade e exixense, ademais, outros requisitos non relacionados coa sinistralidade, pero que aseguran a correcta concesión deste. Os mencionados límites adaptaranse ás circunstancias propias de cada actividade económica de modo que se promova o acceso ao incentivo a aquelas actividades con maior risco para mellorar a prevención alí onde sexa máis necesaria.

Sen prexuízo do cumprimento polas empresas de todas as obrigacións legais e regulamentarias de seguridade e saúde no traballo, a vinculación do recoñecemento do incentivo ao cumprimento polo empresario das obrigacións de prevención de riscos

laborais maniféstase a través da exixencia de xuntar á solicitude do incentivo unha declaración responsable, onde se detallan as obrigacións concretas preventivas que, para os únicos efectos de acceso ao incentivo, deben cumprir as empresas solicitantes.

En canto á contía, fíxase o incentivo no 5 por cento do importe das cotas por continxencias profesionais e no 10 por cento se existe investimento en prevención de riscos laborais, e neste último caso establécese un límite máximo coincidente co importe do investimento realizado.

Respecto do financiamento desta redución, os artigos 96 e 97 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social dispoñen que o 80 por cento do excedente que resulte despois de dotar a reserva de estabilización de continxencias profesionais das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social se aplicará, entre outras actividades, a incentivar nas empresas a adopción de medidas e procesos que contribúan eficazmente á redución da sinistralidade laboral. O sistema de incentivos seguirá dispoñendo dos recursos deste fondo cun límite do 3 por cento do seu importe, aínda que a dita porcentaxe xa non será de aplicación a cada unha das mutuas en proporción á súa contribución á formación do dito saldo.

Como novidade, dáse desenvolvemento regulamentario ao artigo 93.2.c) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, que regula a posibilidade de que as mutuas poidan percibir das empresas parte do incentivo concedido, logo de acordo das partes.

O aspecto penalizador en materia de seguridade social polo incumprimento empresarial das obrigacións sobre prevención de riscos laborais encóntrase representado por medidas como as relativas á recarga de prestacións económicas en caso de accidente de traballo e enfermidade profesional, previsto no artigo 164 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, a perda das bonificacións sobre as cotizacións á Seguridade Social e a posible actuación en tales casos da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Independentemente diso, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social levará a cabo os estudos pertinentes con obxecto de valorar a oportunidade de establecer un sistema de incremento das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas con índices excesivos de sinistralidade e incumprimento das súas obrigacións en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co previsto no artigo 146.3 do dito texto refundido.

Por todo iso, este real decreto dá cumprimento ao requirimento da disposición adicional cuarta, alínea b), da Lei 35/2014, do 26 de decembro, mediante o establecemento dun novo sistema de redución das cotizacións máis sinxelo e eficaz que persiga a obxectividade e que se converta nun mecanismo eficaz para coadjuvar na redución da sinistralidade laboral.

Por outro lado, dada a necesidade de dotar dunha maior seguridade xurídica a regulación da emisión dos partes de baixa médica, confirmación desta e de alta médica por curación nos procesos de incapacidade temporal por continxencias profesionais, a disposición derradeira primeira modifica os artigos 2, 3 e 5 do Real decreto 625/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración, co propósito de incluír unha referencia expresa aos facultativos doutras entidades que participan na xestión da incapacidade temporal por continxencias profesionais, concretamente os facultativos de empresas colaboradoras na xestión da Seguridade Social, e sinala a súa competencia para a emisión dos partes médicos de baixa, de confirmación da baixa e de alta médica por curación.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de marzo de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación dun sistema de incentivos consistente en reducións das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que se distinguan pola súa contribución eficaz e contrastable á redución da sinistralidade laboral.

Artigo 2. *Beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarias do sistema de incentivos que se regula neste real decreto todas as empresas que coticen á Seguridade Social por continxencias profesionais, tanto se estas están cubertas por unha entidade xestora como por unha mutua colaboradora coa Seguridade Social, que observen os principios da acción preventiva establecidos na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e que reúnan, especificamente, os seguintes requisitos:

a) Ter cotizado á Seguridade Social durante o período de observación cun volume total de cotas por continxencias profesionais superior a 5.000 euros ou ter alcanzado un volume de cotización por continxencias profesionais de 250 euros nun período de observación de catro exercicios.

En todo caso, estas cotizacións obteranse e serán as que consten nas bases de datos da Seguridade Social.

b) Encontrarse no período de observación por debaixo dos límites que se establezan respecto dos índices de sinistralidade xeral e sinistralidade extrema a que se refiren os puntos 1 e 2 do anexo II.

c) Encontrarse ao día no cumprimento das súas obrigacións en materia de cotización á Seguridade Social na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes regulado no artigo 6.1.

d) No ter sido sancionada por resolución firme en vía administrativa no período de observación pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de prevención de riscos laborais ou de seguridade social, tipificadas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto. Só se terán en conta as resolucións sancionadoras que adquirisen firmeza durante o período de observación e aquelas en que o solicitante sexa considerado responsable directo da infracción.

No suposto de infraccións graves, soamente se tomarán en consideración cando fosen reiteradas durante o período de observación. Entenderase que existe reiteración durante o período de observación cando o número de infraccións graves exceda dúas.

e) Cumprir as obrigacións de prevención de riscos laborais que, para os únicos efectos de acceso ao incentivo regulado neste artigo, se enumeran nos puntos 1 a 5 do anexo I. Para os efectos de acreditar o seu cumprimento, a empresa solicitante deberá xuntar á súa solicitude a declaración responsable contida no mencionado anexo.

f) Ter informado os delegados de prevención da solicitude do incentivo.

2. Cando a empresa teña coñecemento dos índices de sinistralidade a que se refire o anexo II, deberá informar os delegados de prevención de tales índices.

3. Para os efectos previstos no punto 1 anterior, considerarase como empresa o conxunto de todos os códigos de conta de cotización que correspondan a esta e teñan o mesmo código de actividade para efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

4. Do cómputo da sinistralidade laboral a que se refiren os índices mencionados no punto 1.b) excluíranse os accidentes «in itinere».

Artigo 3. *Contía do incentivo.*

1. Para a aplicación do incentivo será necesario o cumprimento dos requisitos enumerados no artigo 2.1 deste real decreto.

2. A contía do incentivo será do 5 por cento do importe das cotas por continxencias profesionais de cada empresa correspondentes ao período de observación previsto no artigo 5.

Cando exista investimento por parte da empresa nalgunha das accións complementarias de prevención de riscos laborais recollidas nos puntos 6 e 7 do anexo I, recoñecerase un incentivo adicional do 5 por cento das cotas por continxencias profesionais co límite máximo do importe dos ditos investimentos complementarios.

3. Os valores límite dos índices de sinistralidade xeral e de sinistralidade extrema que hai que ter en conta para o cálculo do incentivo aplicable, así como o volume de cotización por continxencias profesionais que se vaia alcanzar durante o período de observación, se é o caso, serán fixados anualmente na orde pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social contidas nas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 4. *Financiamento do sistema de incentivos.*

1. O sistema de incentivos que se regula por medio deste real decreto financiarase con cargo ao Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social, constituído co 80 por cento do exceso de excedentes da xestión das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social a que se refire o artigo 97 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, depositado no Banco de España, nunha conta especial titulada a nome da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, á disposición do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

2. O volume máximo dos recursos do Fondo de Continxencias Profesionais á disposición das mutuas en cada exercicio económico para esta finalidade será o 3 por cento do saldo do dito fondo existente en 31 de decembro do exercicio anterior.

3. Os incentivos destinados ás empresas cuxas continxencias profesionais estean protexidas polas entidades xestoras tamén se financiarán con cargo ao Fondo de Continxencias Profesionais.

Artigo 5. *Período de observación.*

Considerarase como período de observación o número de exercicios naturais consecutivos e inmediatamente anteriores ao da solicitude necesarios para alcanzar o volume mínimo de cotización a que se refire o artigo 2.1.a) que non formasen parte dunha solicitude anterior, cun máximo de catro exercicios.

Artigo 6. *Presentación e tramitación das solicitudes.*

1. Desde o 15 de abril ao 31 de maio de cada ano, as empresas incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto que desexen optar ao incentivo deberán presentar a súa solicitude na mutua ou entidade xestora que asuma a protección das súas continxencias profesionais.

2. Esgotado o prazo de presentación de solicitudes, a mutua ou entidade xestora, unha vez examinadas todas as peticións presentadas e verificada a concorrencia dos requisitos sinalados no artigo 2, elaborará e remitirá á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, ata o 15 de xullo de cada ano, o correspondente informe proposta non vinculante para a concesión ou denegación do incentivo solicitado. O contido e o procedemento de remisión especificaranse nas disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Nos supostos de informe proposta desfavorable, a entidade xestora ou mutua, previamente á súa remisión á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, conferirá trámite de audiencia á empresa.

3. No caso de que a empresa teña protexidas as continxencias profesionais dos seus traballadores por máis dunha entidade xestora ou mutua, deberá formular unha única solicitude naquela en que teña a cobertura do seu código de conta de cotización principal con algún traballador en alta.

4. No suposto de realizar máis dunha actividade económica para efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, as solicitudes correspondentes a cada actividade económica realizaranse na entidade xestora ou mutua en que teña a cobertura o código de conta de cotización máis antigo da dita actividade con algún traballador en alta.

Artigo 7. *Resolución e aboamento do incentivo.*

1. Unha vez recibidos os informes proposta das entidades xestoras ou das mutuas, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social efectuará as comprobacións que sexan necesarias en relación co cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 2 e os índices a que se refire o anexo II.

No suposto de que a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social non considere debidamente acreditada a concorrencia das condicións necesarias para acceder ao incentivo, comunicará á entidade xestora ou mutua que formulou o informe proposta para a súa notificación á empresa solicitante, co obxecto de que esta poida formular alegacións no trámite de audiencia correspondente. As ditas alegacións e o informe sobre estas da entidade xestora ou mutua serán remitidos á citada dirección xeral.

2. Cumpridos os trámites anteriores, comprobada a concorrencia dos requisitos establecidos e realizados os trámites administrativos de execución orzamentaria, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social ditará resolución, estimatoria ou desestimatoria, como máximo, o último día hábil do mes de marzo do ano seguinte ao da presentación do informe proposta polas entidades xestoras ou polas mutuas.

Da resolución darase traslado á entidade xestora ou mutua que formulou a proposta para a súa notificación á empresa.

A resolución estimatoria comunicárase á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, co fin de que esta, con cargo ao Fondo de Continxencias Profesionais e mediante as operacións que sexan necesarias, transfira o importe dos incentivos que correspondan a cada unha das mutuas ou entidades xestoras que formularon a proposta, as cales, pola súa vez, os aboarán ás ditas empresas, sen prexuízo das cantidades que se vaian deducir en virtude do disposto no artigo 10.

3. As resolucións da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social poderán ser obxecto de recurso de alzada, previo ao recurso contencioso-administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 8. *Determinación da mutua responsable do aboamento.*

Cando se produza a denuncia do convenio de asociación existente cunha mutua e a asociación da empresa a outra mutua durante o período de observación a que se refire o artigo 5, o aboamento do incentivo corresponderá á mutua á cal a empresa estivese asociada no momento da solicitude.

Artigo 9. *Inspección e control.*

1. En caso de que a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social dite resolución estimatoria, poñerase á disposición da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, para a súa comprobación e efectos procedentes, a información relativa ao recoñecemento do incentivo.

Este control enténdese sen prexuízo do control interno que corresponde exercer á Intervención Xeral da Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 143 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. A falta de veracidade dos datos relativos aos requisitos do artigo 2, consignados na solicitude da empresa a que se refire o artigo 6.1, supoñerá a consideración das cantidades aboadas á empresa, en concepto de incentivo, como indebidamente percibidas. A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social ditará resolución para o efecto, en que exixirá o reintegro das ditas cantidades e comunicará á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, en caso de incumprimento, para que reclame o pagamento de conformidade co previsto no artigo 33.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e no artigo 82 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Igualmente, poderanse exixir as responsabilidades administrativas ou doutra índole que procedan, para cuxa verificación a entidade xestora ou a mutua deberá manter á disposición dos órganos de fiscalización e control competentes toda a documentación e información relativa ás empresas beneficiarias.

Artigo 10. *Participación da mutua na percepción do importe do incentivo.*

Conforme o establecido no artigo 93.2.c) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, as mutuas que presenten a solicitude por conta das súas empresas asociadas, logo de acordo coas empresas que resultasen beneficiarias do incentivo, poderán ser receptoras dunha porcentaxe que se convirá entre as partes, que en ningún caso poderá superar o 10 por cento do importe do incentivo. As percepcións recibidas polas mutuas provenientes deste incentivo unicamente poderán ir dirixidas a incrementar o seu patrimonio histórico.

Disposición adicional única. *Aplicación a empresas colaboradoras na xestión da Seguridade Social.*

1. Cando as empresas beneficiarias estean autorizadas para colaborar na xestión da Seguridade Social, na modalidade prevista no artigo 102.1.a) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o incentivo que estas percibirán referirase ás cotas de incapacidade permanente, morte e supervivencia polas que a empresa cotiza á Seguridade Social, e esta imputará ás contas da colaboración a parte do incentivo que corresponda ás cotas de incapacidade temporal retidas en virtude da mencionada colaboración.

En calquera caso, computaranse ambas as cotas, tanto para a determinación dos índices como para a do volume de cotización a que se refire o artigo 2.1.a).

2. Ao tempo de formular a solicitude, se é o caso, para o aboamento do incentivo, a empresa colaboradora deberá facilitar á mutua a información necesaria para o cálculo dos índices a que se refire o anexo II.

Disposición transitoria primeira. *Solicitudes correspondentes ao exercicio 2016.*

Ás solicitudes correspondentes ao exercicio 2016, que de acordo co artigo 6.1 deberán presentarse entre o 15 de abril e o 31 de maio de 2017, seralles de aplicación o disposto no Real decreto 404/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que contribuíron especialmente á diminución e prevención da sinistralidade laboral.

Disposición transitoria segunda. *Períodos de observación para o recoñecemento dos incentivos dos anos 2017, 2018 e 2019.*

Para a determinación dos períodos de observación dos anos 2017, 2018 e 2019 considerarase o regulado no artigo 5. Non obstante, poderanse considerar exercicios previos á entrada en vigor deste real decreto, sempre e cando os ditos exercicios non formasen parte dunha solicitude conforme a normativa anterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 404/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por contingencias profesionais ás empresas que contribuíron especialmente á diminución e prevención da sinistralidade laboral.

2. Ata que se diten as disposicións de desenvolvemento deste real decreto, mantense transitoriamente en vigor a Orde TIN/1448/2010, do 2 de xuño, pola que se desenvolve o Real decreto 404/2010, do 31 de marzo, no que non se opoña ás previsións deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 625/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración.*

O Real decreto 625/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 2. *Declaracións médicas de baixa e de confirmación da baixa nos procesos de incapacidade temporal.*

1. A emisión do parte médico de baixa é o acto que orixina a iniciación das actuacións conducentes ao recoñecemento do dereito ao subsidio por incapacidade temporal. A declaración da baixa médica nos procesos de incapacidade temporal, calquera que sexa a contingencia determinante, formularase no correspondente parte médico de baixa expedido polo médico do servizo público de saúde que efectuase o recoñecemento do traballador afectado.

No caso de que a causa da baixa médica sexa un accidente de traballo ou unha enfermidade profesional e o traballador preste servizos nunha empresa asociada, para a xestión da prestación por tales contingencias, a unha mutua colaboradora coa Seguridade Social, en diante, mutua, ou se trate dun traballador por conta propia adherido a unha mutua para a xestión da prestación económica por incapacidade temporal derivada das mesmas contingencias, ou cando se trate de traballadores asegurados pola súa propia empresa, en virtude da colaboración prevista no artigo 102.1.a) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, os correspondentes partes de baixa, de confirmación da baixa ou de alta serán expedidos polos servizos médicos da propia mutua ou polos servizos médicos da empresa colaboradora.

2. Todo parte médico de baixa irá precedido dun recoñecemento médico do traballador que permita a determinación obxectiva da incapacidade temporal para o traballo habitual, para cuxo efecto o médico requirirá ao traballador os datos necesarios que contribúan tanto a precisar a patoloxía obxecto de diagnóstico como a súa posible incapacidade para realizar o seu traballo.

O servizo público de saúde ou a empresa colaboradora ou a mutua, segundo cal sexa a entidade facultada para emitir o parte de baixa, remitirá por vía telemática ao Instituto Nacional da Seguridade Social, no prazo establecido no artigo 7.1, os datos persoais do traballador e, ademais, os datos obrigatorios do parte de baixa relativos á data da baixa, á contingencia causante, ao código de diagnóstico, ao código nacional de ocupación do traballador, á duración estimada do proceso e, se é o caso, a aclaración de que o proceso é recaída dun anterior, así como, neste caso, a data da baixa do proceso inmediatamente anterior e a data da baixa do proceso que orixina a recaída. Así mesmo, fará constar a data en que se realizará o seguinte recoñecemento médico.

Co fin de que as actuacións médicas contén co maior apoio técnico, poñeranse á disposición dos médicos aos cales competan as ditas actuacións táboas de duración óptima tipificadas polos distintos procesos patolóxicos susceptibles de xerar incapacidades, así como táboas sobre o grao de incidencia daqueles procesos nas distintas actividades laborais.

3. Os partes de baixa e de confirmación da baixa expediranse en función do período de duración que estime o médico que os emite. Para estes efectos, establécense catro grupos de procesos:

a) Nos procesos de duración estimada inferior a cinco días naturais, o facultativo do servizo público de saúde, ou da empresa colaboradora ou da mutua, emitirá o parte de baixa e o parte de alta no mesmo acto médico.

O facultativo, en función de cando prevexa que o traballador vai recuperar a súa capacidade laboral, consignará no parte a data da alta, que poderá ser a mesma que a da baixa ou calquera dos tres días naturais seguintes a esta.

Non obstante, o traballador poderá solicitar que se lle realice un recoñecemento médico o día que se fixase como data de alta e o facultativo poderá emitir o parte de confirmación da baixa se considera que o traballador non recuperou a súa capacidade laboral.

b) Nos procesos de duración estimada de entre cinco e trinta días naturais, o facultativo do servizo público de saúde, ou da empresa colaboradora ou da mutua, emitirá o parte de baixa e consignará neste a data da revisión médica prevista que, en ningún caso, excederá en máis de sete días naturais a data de baixa inicial. Na data de revisión expedirase o parte de alta ou, en caso de permanecer a incapacidade, o parte de confirmación da baixa. Despois deste primeiro parte de confirmación, os sucesivos, cando sexan necesarios, non se poderán emitir cunha diferenza de máis de catorce días naturais entre si.

c) Nos procesos de duración estimada de entre trinta e un e sesenta días naturais, o facultativo do servizo público de saúde, ou da empresa colaboradora ou da mutua, emitirá o parte de baixa e consignará neste a data da revisión médica prevista que en ningún caso excederá en máis de sete días naturais a data de baixa inicial, e entón expedirase o parte de alta ou, se é o caso, o correspondente parte de confirmación da baixa. Despois deste primeiro parte de confirmación, os sucesivos, cando sexan necesarios, non se poderán emitir cunha diferenza de máis de vinte e oito días naturais entre si.

d) Nos procesos de duración estimada de sesenta e un ou máis días naturais, o facultativo do servizo público de saúde, ou da empresa colaboradora ou da mutua, emitirá o parte de baixa en que fixará a data da revisión médica prevista, a cal en ningún caso excederá en máis de catorce días naturais a data de baixa inicial, e entón expedirase o parte de alta ou, se é o caso, o correspondente parte de confirmación da baixa. Despois deste primeiro parte de confirmación, os sucesivos, cando sexan necesarios, non se poderán emitir cunha diferenza de máis de trinta e cinco días naturais entre si.

4. Sempre que se produza unha modificación ou actualización do diagnóstico, emitirase un parte de confirmación que recollerá a duración estimada polo médico que o emite. Os seguintes partes de confirmación expediranse en función da nova duración estimada.

En todo caso, o facultativo do servizo público de saúde, ou da empresa colaboradora ou da mutua, expedirá o parte de alta cando considere que o traballador recuperou a súa capacidade laboral.

5. O Instituto Nacional da Seguridade Social transmitirá ao Instituto Social da Mariña e ás mutuas, de maneira inmediata e, en todo caso, no primeiro día hábil seguinte ao da súa recepción, os partes de baixa e de confirmación da baixa por continxencia común relativos aos traballadores respecto dos que xestionen a incapacidade temporal cada unha delas.

Os partes médicos de incapacidade temporal confeccionaranse de acordo cun modelo que permita a súa xestión informatizada, no cal figurará un código identificativo do centro de saúde emisor daqueles.»

Dous. O artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. Normas relativas á determinación da continxencia causante da incapacidade temporal.

1. O servizo público de saúde, o Instituto Social da Mariña, as mutuas ou as empresas colaboradoras, que emitisen o parte de baixa, poderán instar, motivadamente, ante o Instituto Nacional da Seguridade Social, a revisión da consideración inicial da continxencia, mediante o procedemento regulado no artigo 6 do Real decreto 1430/2009, do 11 de setembro, polo que se desenvolve regulamentariamente a Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social, en relación coa prestación de incapacidade temporal.

2. O facultativo da empresa colaboradora ou da mutua que asista o traballador poderá inicialmente, logo de recoñecemento médico preceptivo e realización, se é o caso, das probas que correspondan, considerar que a patoloxía causante é de carácter común e remitir ao traballador ao servizo público de saúde para o seu tratamento, sen prexuízo de dispensarlle a asistencia precisa nos casos de urxencia ou de risco vital. Para tal efecto, entregará ao traballador un informe médico no cal describa a patoloxía e sinala o seu diagnóstico, o tratamento dispensado e os motivos que xustifican a determinación da continxencia causante como común, ao cal xuntará os informes relativos ás probas que, se é o caso, se realizen.

Se, á vista do informe da empresa colaboradora ou da mutua, o traballador acode ao servizo público de saúde e o médico deste emite parte de baixa por continxencia común, o beneficiario poderá formular reclamación con relación á consideración outorgada á continxencia ante o Instituto Nacional da Seguridade Social, que se tramitará e resolverá aplicando o procedemento regulado no artigo 6 do Real decreto 1430/2009, do 11 de setembro.

Pola súa parte, o facultativo que emita o parte de baixa poderá formular a súa discrepancia fronte á consideración da continxencia que outorgou a empresa colaboradora ou a mutua, nos termos establecidos no artigo 6 mencionado no parágrafo anterior, sen prexuízo de que o parte médico produza plenos efectos.

A resolución que se dite establecerá o carácter común ou profesional da continxencia causante e o suxeito obrigado ao pagamento das prestacións derivadas desta e á prestación da asistencia sanitaria, se é o caso.»

Tres. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. Declaracións médicas de alta nos procesos de incapacidade temporal.

1. Os partes de alta médica nos procesos derivados de continxencias comúns serán emitidos, tras o recoñecemento do traballador, polo correspondente facultativo do servizo público de saúde. En todo caso, deberán conter a causa da alta médica, o código de diagnóstico definitivo e a data da baixa inicial.

Así mesmo, os partes de alta médica poderán tamén ser expedidos polos inspectores médicos do servizo público de saúde, do Instituto Nacional da Seguridade Social ou, se é o caso, do Instituto Social da Mariña, tras o recoñecemento médico do traballador afectado.

A alta médica extinguirá o proceso de incapacidade temporal do traballador con efectos laborais do día seguinte ao da súa emisión, sen prexuízo de que o referido servizo público, se é o caso, siga prestando ao traballador a asistencia sanitaria que considere conveniente. A alta médica determinará a obrigação de que o traballador se reincorpore ao seu posto de traballo o mesmo día en que se produzan os seus efectos.

Os partes médicos de alta por continxencias comúns comunicaranse ás mutuas, no caso de traballadores protexidos por elas, na forma e prazo establecidos no artigo 2.5, e estas deberán comunicar á empresa a extinción do dereito, a súa causa e a súa data de efectos.

2. Nos procesos orixinados por continxencias profesionais, o parte médico de alta será expedido polo facultativo ou inspector médico do servizo público de saúde ou polo inspector médico adscrito ao Instituto Nacional da Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña se o traballador está protexido cunha entidade xestora, ou polo médico dependente da empresa colaboradora ou da mutua a que corresponda a xestión do proceso, e serán, así mesmo, de aplicación as condicións establecidas no punto anterior e o alcance dos seus efectos.

3. O médico do servizo público de saúde ou o servizo médico da empresa colaboradora ou da mutua, cando expidan o último parte médico de confirmación antes do esgotamento do prazo de duración de trescentos sesenta e cinco días naturais, comunicarán ao interesado no acto de recoñecemento médico que, unha vez esgotado o prazo referido, o control do proceso pasa á competencia do Instituto Nacional da Seguridade Social ou, se é o caso, do Instituto Social da Mariña, nos termos establecidos no artigo 170.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Unha vez que se cumpra o prazo indicado no parágrafo anterior, o servizo público de saúde ou o servizo médico da empresa colaboradora ou da mutua deixarán de emitir partes de confirmación.

O servizo público de saúde comunicará ao Instituto Nacional da Seguridade Social o esgotamento dos trescentos sesenta e cinco días naturais en situación de incapacidade temporal, de maneira inmediata e, en todo caso, no primeiro día hábil seguinte.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Rexistro contable das operacións.*

De conformidade co establecido no artigo 125.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, a Intervención Xeral da Seguridade Social ditará as instrucións contables necesarias para o rexistro das operacións que deriven da aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos do 1 de xaneiro de 2017.

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA

ANEXO I

Declaración responsable sobre actividades preventivas e sobre a existencia de representación dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais¹

Cuestións	Si	Non	Non procede	Notas
<i>1. Integración da prevención, estrutura organizativa, responsabilidades e funcións</i>				
1.1. ¿Asignáronse responsabilidades e funcións preventivas a toda a cadea de mando da empresa?				
1.2. ¿Nomeouse un responsable de prevención con capacidade executiva na empresa?				
1.3. ¿Adoptouse unha modalidade preventiva? (Sinala cal) <input type="checkbox"/> Empresario <input type="checkbox"/> Traballador designado. Identificación: _____ <input type="checkbox"/> Servizo prevención propio. Identificación: _____ <input type="checkbox"/> Servizo prevención alleo. Identificación: _____				
1.4. ¿Designáronse «recursos preventivos» para as situacións de especial risco que prevé a lei?				
1.5. ¿Definíronse medios de coordinación de actividades preventivas empresariais?				
<i>2. Procedementos para a xestión integrada da prevención</i>				
2.1. ¿Definiuse un procedemento de información, consulta e participación dos traballadores en materia preventiva?				
2.2. ¿Definiuse un procedemento de coordinación de actividades empresariais en materia preventiva? *Esta resposta debe ser congruente coa 1.5.				
<i>3. Avaliación de riscos e planificación da actividade preventiva</i>				
3.1. ¿Realizouse a avaliación inicial de riscos en todos os postos de traballo, tendo en conta as distintas especialidades técnicas? (seguridade, hixiene, ergonomía e psicocioloxía aplicada).				
3.2. ¿Revisase ou actualízase a avaliación de riscos?				
3.3. ¿Planifícanse as actividades necesarias para eliminar/reducir/controlar os riscos?				
3.4. ¿Desígnanse responsables e fíxanse prazos para a execución das actividades planificadas?				
3.5. ¿Foi sometido a auditoría o sistema preventivo e corrixíronse as deficiencias detectadas? Caso de estar excluída da dita obrigaición, ¿formulou a correspondente notificación á autoridade laboral?				
<i>4. Vixilancia da saúde</i>				
4.1. ¿Garántese a vixilancia da saúde a todos os traballadores da empresa?				
4.2. ¿Aplicanse os protocolos médicos específicos para a vixilancia da saúde?				
<i>5. Información sobre a existencia de representación dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais</i>				
5.1. ¿Existen na empresa ou centro de traballo delegados de prevención?				

¹ Entenderase acreditado o cumprimento das obrigações en materia de prevención de riscos laborais a que se refire o artigo 2.1.e) cando proceda a resposta «si» a todas as preguntas desta declaración que sexan de aplicación á empresa.

Cuestións	Si	Non	Non procede	Notas
5.2. ¿Existe na empresa ou centro de traballo comité de seguridade e saúde? (Para empresas ou centros de traballo con 50 ou máis traballadores).				
<i>6. Accións preventivas complementarias</i>				
6.1 ¿Incorporáronse ao cadro de persoal recursos preventivos propios ou ampliáronse os existentes? * Determinación cuantitativa do investimento (consignar cifra en epígrafe notas).				
6.2 ¿Realizáronse auditorías externas voluntarias do sistema preventivo da empresa? * Determinación cuantitativa do investimento (consignar cifra en epígrafe notas).				
6.3 ¿Existen plans de mobilidade viaria na empresa? * Determinación cuantitativa do investimento (consignar cifra en epígrafe notas).				
6.4 ¿Realizáronse investimentos na elección dos equipamentos de traballo ou nos equipamentos de protección individual que melloren as condicións de seguridade e saúde? * Determinación cuantitativa do investimento (consignar cifra en epígrafe notas).				
<i>7. Accións preventivas complementarias das pequenas empresas</i>				
7.1 ¿Asumiu o empresario a actividade preventiva ou incorporáronse ao cadro de persoal recursos preventivos propios? * Determinación cuantitativa do investimento (consignar cifra en epígrafe notas).				
7.2 ¿Realizáronse investimentos na elección dos equipamentos de traballo ou nos equipamentos de protección individual que melloren as condicións de seguridade e saúde? * Determinación cuantitativa do investimento (consignar cifra en epígrafe notas).				
7.3 ¿Obtiveron formación real e efectiva en materia de prevención de riscos laborais o empresario ou os traballadores designados que vaian asumir as tarefas preventivas? * Determinación cuantitativa do investimento (consignar cifra en epígrafe notas).				
<i>8. Información a delegados de prevención</i>				
¿Foron informados os delegados de prevención da solicitude do incentivo?				

Certifico a exactitude dos datos recollidos na presente declaración:

Asdo. o empresario

Asdo. o administrador/presidente do consello
de administración

ANEXO II

Índices para a aplicación do incentivo

1. Índices de sinistralidade xeral. As empresas deberán cumprir os dous índices de sinistralidade xeral que se citan a continuación, os cales, na súa definición, recollen a incidencia da sinistralidade laboral, excluídos os accidentes «in itinere», a permanencia na situación de activo do traballador, o número de traballadores e as bases de cotización, así como a relación coa actividade desenvolvida reflectida no tipo de cotización por código da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE), recollido na tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais vixente no período de observación. A definición dos ditos índices para os códigos citados é a seguinte:

$$I_i = \frac{\text{Importe total da prestación por incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais durante o período de observación}}{\text{Cotas totais por continxencias profesionais durante o período de observación}} * 100 \leq \alpha_i$$

$$II_i = \frac{\text{Número total de partes de AT e EP con baixa laboral durante o período de observación}}{\text{Cotas totais por continxencias profesionais durante o período de observación}} * 10.000 \leq \beta_i$$

Onde:

O subíndice i fai referencia a cada un dos códigos da CNAE recollidos na tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e α_i e β_i son os valores límite correspondentes a cada i .

Importe total da prestación por incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais durante o período de observación será o importe, expresado en euros, do total das prestacións da Seguridade Social por incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais que correspondan aos días de baixa laboral no período de observación.

Cotas totais por continxencias profesionais durante o período de observación serán as cotas percibidas no dito período.

2. Índice de sinistralidade extrema. Naqueles supostos en que durante o período de observación se producise o falecemento dalgún traballador ou o recoñecemento dalgunha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez por continxencias profesionais, excluídos os que teñan a súa causa nos accidentes «in itinere», calcularase o índice de sinistralidade extrema, que mide a sinistralidade con repercusións extremas (accidentes ou enfermidades que ocasionen incapacidade permanente nalgún dos graos sinalados ou o falecemento da persoa traballadora), ponderado entre o número total de traballadores da empresa, a súa permanencia no traballo e a actividade económica da empresa.

O índice de sinistralidade extrema defínese como a relación entre:

$$III_i = \frac{\text{Número total de falecementos e de recoñecementos de pensións de incapacidade permanente derivados de continxencias profesionais, no período de observación}}{\text{Cotas totais por continxencias profesionais durante o período de observación}} * 1.000.000 \leq \partial_i$$

Onde:

O subíndice i fai referencia a cada un dos códigos da CNAE recollidos na tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais. ∂_i é o valor límite correspondente a cada i .

Número total de recoñecementos de pensións de incapacidade permanente e de falecementos no período de observación derivados de continxencias profesionais será o número total de recoñecementos de pensións de incapacidade permanente efectuados polo Instituto Nacional da Seguridade Social e de declaracións de falecementos por continxencias profesionais durante o período de observación.

3. Tal como se establece en artigo 3.3 deste real decreto, os valores límite α , β_i e ∂_i dos índices sinalados estableceranse anualmente na orde pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, contidas nas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado.